

Un futuro incerto: claves para o éxito
Pedro Pablo Gallego Veigas, Universidade de Vigo

O profesor Pedro Pablo Gallego, Doutor en Bioloxía, profesor titular e ex-decano da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo, cunha ampla actividade investigadora no campo da Fisioloxía Vexetal e coordinador do Máster en Biotecnoloxía Avanzada, presentado polo director do centro, Daniel Mulet Pérez, ofreceu, baixo este suxerente título e partindo da súa experiencia académica e profesional, unha visión subxectiva pero altamente motivadora para o alumnado de 4º curso de ESO e 1º curso de bacharelato na procura das opcións mais innovadoras do desenvolvemento académico destes alumnos. Fuxindo dos paradigmas aceptados tradicionalmente no momento de decantarse por unha formación universitaria clásica, o profesor Gallego apuntou na súa disertación aos valores e procedementos incluídos na linguaxe política actual dentro desa chamada “cultura do emprendemento” como unha valoración novedosa do futuro, incerto aprioristicamente, que os alumnos ven abrirse ante eles.

O aparato teórico da disertación, apuntando ás universidades punteiras no desenvolvemento das carreiras con maior proxección de futuro e nos currículos académicos mais seguros, xunto cunha decidida aposta pola aprendizaxe dos idiomas, serían, para o profesor, algunhas desas claves ás que se refire no título da súa conferencia. O énfase no seu discurso, xunto coa vehemencia expositiva nas súas propostas, lograron envolver ao alumnado nun distendido debate participativo e unha relación moi directa entre o conferenciante e o público asistente.